Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

## Ritos, obxectos, crenzas varias..

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

## *O Cristo de Santa Margarita*

Por diante da imaxe do Cristo de Santa Margarita, unha cruz situada a carón da igrexa de Cesuras, parroquia de Os Remedios, concello de Mondoñedo (Lugo), pasaron dous homes de noite.

Ao pasar, un dos homes descubriuse e o outro díxolle:

¿Para que te descobres, que o Cristo non te ve?

De súpeto, o que isto dixo quedou varado, púxose a berrar e non podía andar.

Xuntouse xente e foron chamar un crego. Cando veu o cura dixo unhas oracións, botoulle auga bendita ao home varado e só despois deixou de berrar e puido marchar para a súa casa.



## BIBLIOGRAFÍA

LENCE-SANTAR, E.; Etnografía Mindoniense, (edición de A. Requeixo), Follas Novas, Santiago de Compostela, 2000.